

As patronais lanzan un *ultimatum* de “negociar só táboas salariais e facer adaptación básica para asinalo xa!” e os catro sindicatos estatais acatárono

Información da 16ª mesa do XIII Convenio Estatal Educación Infantil 0-3

A CIG-Ensino denuncia este novo entreguismo sindical á patronal, despois de tres anos de “bloqueos patronais”, con seis xornadas de folga, concentracións, recollida de máis de 6000 sinaturas polo sindicato nacionalista, reivindicando un convenio digno e xusto, para logo desoír as OO.SS o mandato das traballadoras, nun sector feminizado e precarizado.

Na 16ª mesa negociadora do 21 de novembro, convocada polas patronais do sector, (onde estaban as OO.SS maioritarias despois de 5 meses da última xuntanza no SIMA?) logo de seis SIMAs estériles neste ano, que só serviron para cortar as mobilizacións do sector como predixo a CIG-Ensino, acabou producindo o de sempre: un novo entreguismo sindical á patronal (agora xa non só o trio UGT- FSIE- USO, pois uniuse CCOO), con case tres anos de “bloqueos patronais” nas negociacións coas súas propostas inmovilistas e involucionistas, con seis xornadas de folga, concentracións, manifestacións, recollida de máis de 6000 sinaturas na Galiza polo sindicato nacionalista (onde están, cantas recolleron os demais sindicatos logo da ruptura sindical, ou a mesma tiña un fin?), reivindicando un convenio digno e xusto, para logo desoír estas OO.SS o mandato das traballadoras, nun sector feminizado e precarizado.

PARA ESTA VIAXE NON FACÍAN FALTA ALFORXAS

A proposta que acataron as catro OO.SS estatais foi “Negociar táboas e adaptación básica do convenio”, nun claro ultimatum patronal, porque era isto ou “seguir así algún ou algúns anos máis, pois as negociacións comezarían de cero”- textual afirmaron. Isto xa nos di o que se fixo nestes tres anos, de que serve o marco estatal negociador e quen son as organizacións sindicais maioritarias que din representan o sector.

Sobre táboas a negociar: na liña do proposto no 6º SIMA pola patronal, con 2 táboas, unha para Xestión Directa (X.D.) e outra para Xestión Indirecta (X.I.) (as 2 eran dende setembro de 2024 e a ver que din agora... para cando se asine convenio?, para 2025?). As de X.I. a dúas marchas: as A) igual, ao ser “aceptadas” polos sindicatos (asinadas en Cataluña), e as B) igualadas mínimo as de X.D. (que “subirán algo”, pois é o que lle esixían no SIMA os sindicatos estatais; ademais dunha mínima paga de retroactividade). Segundo a patronal a X.D. é a que marca a pauta polos problemas que ten este subsector, aínda que é minoritario ao supoñer o 30% dos centros do sector.

Máis información

Adaptación básica do convenio: na liña do feito no anterior convenio, o XII, ou sexa cero avances, simplemente recoller no mesmo os cambios normativos que xa están sendo de aplicación por lei (melloras permisos, en conciliación, igualdade, cambios ET,...), e manter a precariedade laboral e salarial ate curso 2026-2027, como mínimo. Isto mesmo, provocou no seu día unha folga no 2019 polo sindicato maioritario, que anos despois parece que vai asumir. A CIG mantén, antes e agora, que o convenio e a súa situación é responsabilidade, 1º das patronais, e logo dos sindicatos estatais maioritarios, “asinantes sempre” do articulado, que se mantén convenio tras convenio.

A patronal quedou de mandar a nova proposta salarial, “se pode” antes da seguinte mesa que será o 19 de decembro!! Dende a CIG-Ensino entendemos esta demora, despois de 5 meses perdidos, como unha clara intención de seguir alongando todo e pagar subas o máis tarde posible. Logo de chegar a acordo cos sindicatos estatais (que se non mandan a proposta antes da mesa do 19 vaise precisar outra mesa mínimo) pasarán a facer a

adaptación do convenio con reunións técnicas, e a este ritmo a ver se na primavera está asinado!.. Despois mandaríase ao REGCON, coa conseguente revisión pausada da Inspección de Traballo, que de non facer requirimentos, mandaríao ao BOE para publicar (mínimo 2-3 mes).

REXEITAMENTO DA CIG-ENSINO. O CAMIÑO: MARCO GALEGO DE NEGOCIACIÓN.

O posicionamento da CIG-EnsinO foi de rexeitamento TOTAL, tal e como se recolle na acta da mesa negociadora. As xustificacións e motivos expostos foron os seguintes:

Primeiro, a coherencia sindical, non somos asinantes do XII convenio actual e se van prorrogar o mesmo, non hai razóns para cambiar. Nas mobilizacións que convocamos, xunto coas demais OO.SS estatais, as mensaxes e compromisos eran claros: convenio digno e salarios xustos, polas melloras laborais e sociais, pola recuperación e mantemento do poder adquisitivo e pola mellora da calidade educativa. Onde está a coherencia sindical dos demais?

Segundo, por mandato das traballadoras do sector, manifestado nas seis folgas, outras tantas concentracións e manifestacións, recollida de sinaturas,... a única saída estaba clara nas mensaxes do anterior punto, ou para que tanto esforzo e perda de recursos económicos e tempo, polo menos na Galiza, que foron exitosas e maioritarias as folgas a pesar dos SS.MM impositivos e abusivos que houbo. Que pasou ou cal foi o traballo sindical no resto do estado, ou mesmo as intencións, non dependeu da CIG.

Terceiro, por discriminacións nas táboas salariais, tanto nas dúas táboas polo tipo de xestión do centro (X.D. e X.I.) que pretenden manter e medrando as diferenzas salariais, contrario a máxima de que “ao mesmo traballo igual salario”; como nas de X.I. ao subdividilas en A) e B), segundo teñan novos pregos ou non, sendo xa dobre a discriminación, mesmo traballo e mesmo tipo de xestión (grandes diferenzas salariais). Nas dúas táboas segundo xestión de centro, a CIG-EnsinO defendeu en solitario manter límite das diferenzas históricas, sobre 30€ de

sempre, e ademais expuxo a “competencia desleal” cos centros de X.I. que se vai dar na Galiza, pola gratuidade no sector 0-3. Coa mesma propúxose o que vimos defendendo historicamente de crear “ámbitos de negociación autonómicos” (convenio galego ou mesmo táboa salarial adaptada a Galiza), dándonos a razón algunhas patronais e algúns sindicatos, polo que esperemos pasen a acción e feitos na Galiza: uns para crear as patronais galegas e outros defender dereitos das traballadoras galegas na súa CC.AA, máis cando no marco estatal non se acadan. Nas de X.I. a dúas marchas (A e B), a CIG-EnsinO propuxo para eliminar esta dobre discriminación crear un “Complemento Compensador” (CC), de forma que as que cobren polas táboas B), cando pasen as A) reciban os atrasos(CC) que deixaron de cobrar, ou mínimo unha indemnización que reduza a diferenza salarial tan brutal que se pode dar.

Cuarto, por prolongar a precariedade salarial e laboral dun sector feminizado, pois con conxelacións salariais dende 2021 non se vai cobrar retroactivamente o IPC perdido, máis dun 12% que encareceu a vida, e imos ver se dende setembro de 2024 van aplicar subas, ou mesmo dende 2025, ou cando se asine o convenio. Subas das que falan, están moi afastadas deste IPC e mesmo non garanten IPC futuro, ao non querer as patronais falar de cláusula de revisión salarial anual. Logo as reivindicacións laborais e sociais decaen todas: redución de xornada (nin recoñecer lectiva e non lectiva), permisos e licenzas, conciliación laboral e familiar, vacacións, dereitos sociais, ITS,...

O rumbo das negociacións, fai que vaia tendo máis sentido a demanda histórica da CIG de contarmos cun marco galego de negociación que poidamos negociar directamente e non depender do ámbito estatal que non dá resposta ás reivindicacións e necesidades das traballadoras galegas. Nas vosas mans está o forzar, coa representación sindical da CIG no teu centro, e apoiar, coa sinatura, este camiño que comezamos en setembro coa “Campaña polas melloras laborais, sociais e salariais: por un convenio galego digno”.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal